



EXPEDIENTE 2024/E001/000008. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.

Procedemento de selección a través do Servizo Público de Emprego.

ANTECEDENTES

29.05.2024. Por Decreto da Alcaldía n.º 193/2024, aprobáronse as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.

04.06.2024. Anuncio convocatoria e Bases de selección. (BOP. Núm 107)

14.06.2024. Finalización prazo presentación de solicitudes.

17.06.2024 Por Decreto da Alcaldía n.º 208/2024, aprobouse a listaxe provisional de admitidos e excluídos, polo que se outorgaron un prazo de dous (2) días hábiles contados dende o día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios do concello, para que os interesados que o considerasen oportuno procedesen a emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimaran oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.

17.06.2024 Publicación do citado Decreto da Alcaldía n.º 208/2024.

02.07.2024 Por decreto de Alcaldía nº 243/2024 aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento doo tribunal cualificador do proceso de selección e fixación da data para a sesión do Tribunal (constitución e realización da fase de oposición) para o xoves 4 de xullo de 2024 ás 16:30 horas na área xunto á Casa de Cultura situada na Rúa Castelao – Fonte Díaz – Touro.

02.07.2024 Publicación do citado Decreto da Alcaldía nº 243/2024.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Decreto da Alcaldía n.º 193/2024, polo que se aprobaron as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio



Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.

Segundo consta na acta do Tribunal do proceso selectivo realizado o 4 de xullo de 2024, unicamente se presentaron dous aspirantes (dos sete que formaban a lista de admitidos), superando ambos o proceso.

Para dar cumprimento ao obxecto da contratación realizada ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024, resulta necesaria a contratación de tres persoas para a operatividade do vehículo motobomba; polo que resulta necesaria a contratación dun peón forestal encargado/a do manexo e actuación do vehículo motobomba

Visto que non foi posible a cobertura en base a o procedemento publicado no BOP núm. 107 do 4 de xuño de 2024, considérase necesario presentar a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado, coa finalidade sinalada no parágrafo anterior.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Presentar a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado: un peón forestal encargado/a do manexo e actuación do vehículo motobomba, a xornada completa, por un periodo de tres meses a contar dende a data de inicio do contrato, ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.

SEGUNDO. Aplicar as Bases aprobadas por Decreto da Alcaldía n.º 193/2024 de data 29 de maio de 2024.

TERCEIRO. Publicar a presente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

CUARTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Mándao e asíno o señor alcalde Roberto Castro Rocamonde en Touro na data da sinatura electrónica á marxe, do que eu, José López González, secretario-interventor dou fe.